



D. Miguel Anxo Álvarez Campos, concelleiro do BNG en San Cibrao das Viñas ao abeiro ó disposto da Lei de Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes comúns, presento ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN SOBRE SANEAMENTO INTEGRAL DE RANTE E CURRAS**, esperando que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno, para o seu debate e posterior aprobación se procede

Exposición de motivos:

Tendo coñecemento de que os veciños e veciñas de Currás queíxanse dos cheiros das fosas sépticas que teñen no seu pobo e ao mesmo que tempo hai casas de veciños e veciñas de Rante que carecen do servizo de saneamento municipal; como queira que for as augas residuais - tanto as das fosas sépticas de Curras coma as de Rante, as de titularidade particular, así como as de titularidade municipal, (en diferentes sitios en Curras, e na zona da Igrexa en Rante) – poden ademais de producir malos cheiros, contaminar as augas subterráneas.

Tendo en conta que se esta procedendo nestes momentos a levar a cabo unha importante obra - “Saneamento en Rante-Currás e bombeos en Currás” - e sabendo que esta obra non soluciona o problema de moitos veciños

en consecuencia o BNG do Concello de San Cibrao das Viñas **solicita** do Pleno da Corporación Municipal a **adopción do seguinte acordo:**

1. Que previo os estudos pertinentes, contando ca participación do arquitecto municipal e ca dos tres grupos municipais, se solucione o problema das fosas de titularidade municipal en Curras.
2. Que se conecten as vivendas do pobo de Rante, que quedan sen este servizo a esta obra unha vez estea rematada.
3. Que as augas residuais que van as fosas da Igrexa en Rante se leven tamén a depuradora, facendo un estudio ca participación do arquitecto municipal e dos tres grupos municipais.

San Cibrao das viñas, 22 maio do 2009

SRA ALCALDESA DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS